

## As condicións sociolaborais do profesorado galego continúan á cola respecto ás do resto do Estado

Aínda que o Goberno galego tentou “venderlle a moto” á cidadanía galega coa lei 11/2014 de orzamentos xerais de Galiza para o 2015 incluíndo nela unha disposición que o obriga á devolución ao funcionariado da famosa paga extra de decembro de 2012 e aínda que se presenta esa obriga de devolución como proba palpábel da presunta recuperación económica que está a experimentar o país, o fondo desa disposición adicional décimo sétima é ben diferente e deixa ver unha realidade diametralmente oposta á que pretende mostrar Feijóo.

**Non é certo que o Goberno galego vaia devolver a extra de 2012.** Nin tan sequera é certo que estea a cumprir as sentenzas xudiciais que determinan que ten a obriga de devolver, si ou si, 44 días devengados desa paga extra. O Goberno do Partido Popular o que fai é devolver tan só 22 días do total da paga extra substraída en 2012. É probable que nun futuro próximo, seguramente moi preto xa das próximas eleccións (sexan estas municipais, estatais ou galegas) faga o anuncio de que devolve o que resta de paga extra de 2012 para, de novo, dar a sensación de ser un goberno cumpridor co seu funcionariado. Nada máis lonxe da realidade.

A situación empeora se nos comparamos co resto de territorios do Estado español (véxase táboa ao final do texto). Tan só outras 5 comunidades autónomas están nunha situación tan negativa como a nosa, isto é, na que o funcionariado docente segue sen percibir integramente

unha retribución cuxo dereito a cobra-la foi xa gañado e recoñecido nos tribunais.

O colmo do esperpento é que o Goberno de Feijóo, como quen non quere a cousa, continúa **quitando ano tras ano unha paga extra ao funcionariado docente galego**. Dende 2013, efectivamente, a Consellería de Educación determinou que nas pagas extras de xuño e decembro íanse deixar de cobrar os complementos específicos (docente, sexenios, singular e cargos) de forma que todas as pagas extras dende 2013 ata hoxe seguen estando recurtadas entre un 40% e un 50%. En definitiva, do 2013 a hoxe o colectivo docente galego perdeu practicamente unha paga extra enteira cada ano transcorrido.

De novo, a comparativa co resto do Estado (véxase táboa ao final do texto) é tan reveladora como desoladora, pois tan só outras 5 comunidades autónomas están nesa mesma situación.

Non insiste o Goberno Popular en que a situación económica en Galiza virou para ben durante o ano 2014?. Por que mantén, entón, estes recortes retributivos para o funcionariado docente galego? Acaso non merece o profesorado que depende da Consellería de Educación da Xunta de Galicia un trato, como mínimo, equiparable ao profesorado do resto do Estado? Ou é que a cacarexada recuperación só serve para dar grandes titulares pero non para retribuír dignamente aos traballadores e traballadoras do ensino galego?

	Recuperada 25% extra 2012	Extras con complementos
Andalucía	X	X
Aragón	X	X
Asturies	√	√
Illes Balears	√	√
Canarias	√	√
Cantabria	√	√
Castela-AMancha	X	X
Castela e León	√	√
Catalunya	X	√
Euskal Herria	√	√
Extremadura	√	√
Galiza	X	X
La Rioja	√	√
Comunidade de Madrid	√	X
Nafarroa	X	√
Región de Murcia	√	√
Comunidade Valenciana	√	X
Ceuta e Melilla	√	√